

## **Resolución decanal relativa á concesión de premios do concurso de vídeos “Mocidade ao mando: explorando a Economía e a Empresa”**

Con data 3 de outubro de 2024 foron publicadas nas páxinas web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela e do Servizo de Normalización Lingüística as bases do concurso de vídeos para o alumnado de ensino medio “Mocidade ao mando: explorando a economía e a empresa”.

No apartado número 7 das bases indicábase que para presentarse ao concurso, as persoas autoras ou representantes debían achegar a ficha de inscrición ao enderezo electrónico do decanato: [ecoade.decanato@usc.gal](mailto:ecoade.decanato@usc.gal). O prazo para a presentación dos traballos rematou o 31 de outubro de 2024.

Unha vez rematado o devandito prazo, recibíronse un total de 17 propostas de 8 centros de ensino secundario.

Segundo se indicaba no apartado número 9 das bases, o xurado encargado da concesión dos premios estivo integrado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, un representante do Servizo de Normalización Lingüística da USC e un representante de AGAEDES (Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria).

O xurado reuniuse o pasado 14 de novembro e valorou as propostas recibidas en base á calidade técnica (imaxe e son – 20%), corrección lingüística (20%), orixinalidade do vídeo (10%) e corrección nos conceptos científicos (50%).

Tendo en conta a valoración final outorgada polo xurado,

### **RESOLVO**

Conceder os premios do concurso “Mocidade ao mando: explorando a Economía e a Empresa”:

- Primeiro premio (agasallo por valor de 150 euros) para o vídeo titulado “Pagas ti (Criptomoedas)”, do IES Rosalía de Castro.
- Segundo premio (agasallo por valor de 100 euros) para o vídeo titulado “Os sectores produtivos”, do IES Isaac Díaz Pardo.
- Terceiro premio (agasallo por valor de 50 euros) para o vídeo titulado “Distribución da riqueza”, do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.

Contra a presente resolución, poderá interpoñer recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o reitor no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Xoán Ramón Doldán García  
Decano

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF \*\*\*3205\*\*, 19/11/2024 11:49:02.

CSV: 3AC6-890A-4847-9E27